

De producirse a devolución dos recibos enviados ó banco, os gastos ocasionados correrán a cargo do titular do recibo.

Artigo 9º.—Infraccións e sancións.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e na normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

15º.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE SUMIDOIROS.

ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.

1.— Constitúe o feito imponible da Taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa tendente a verificar si se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiro municipal.
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiro municipal.

2.— Non estarán suxeitas á taxa as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo, sempre que non fagan uso do sumidoiro.

ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO.

1.— Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 que sexan:

- a) Cando se trate da concesión de licencia de acometida á rede, o propietario, usufrutuário ou titular do dominio útil da finca.
- b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termino municipal beneficiarios de ditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuários, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.

2.— En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmobles, en quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

De conformidade co artigo 36.3 da LXT, en concordancia co artigo 23.2 do TRLRFL será o substituto o suxeito pasivo que, por imposición da lei e en lugar do contribuínte, este obrigado a cumprir a obriga tributaria.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA.

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFAS	
(IVE non engadido)	
Usuarios:	Cuota Sumid. (€/ano)
Vivendas (por unidade), comercios menores (ata 2 empregados), oficinas, locais en galerías, locais valeiros, e semellantes.	45,07
Consultas (médicos, avogados, etc.), academias, comercios maiores (máis de 2 empregados), perruquerías, talleres de motos e bicicletas, oficinas bancarias, e semellantes.	90,18
Tabernas, bares, cafeterías, pubs, clubs nocturnos, restaurantes, hospedaría (ata 20 habitacións), churrasquerías, hamburguerías, fábricas de pan, pastelerías, carnicerías, peixerías, e semellantes.	157,78
Talleres de coches e barcos, tintorerías e lavanderías, imprentas, hospederías (de máis de 20 habitacións), adegas (ata 100.000 litros de produción), e semellantes.	225,40
Centros médicos, clínicas, piscinas unifamiliares, cines e teatros, laboratorios, discotecas e salas de festa, bingos, adegas (de 100.001 a 500.000 litros de produción), e semellantes.	270,55
Industrias cárnicas, prefabricados de formigón, fábricas de produtos de pedra, estacións de servizo, lavado e engraxe, depuradoras de mariscos, cámpings, piscinas de uso público (non de explotación municipal), adegas industriais (de máis de 500.000 litros de produción), e semellantes.	338,14
Cocedeiros de produtos de mar, fábricas de conservas e empresas semellantes.	2.606,74
Taxa de acometida (a percibir polo Concello):	
Usuarios incluídos nos Grupos I e II da Tarifa:	141,63
Usuarios incluídos nos Grupos III e IV da Tarifa:	177,04
Usuarios incluídos nos Grupos V e VI da Tarifa:	212,46
Taxa por análise de vertidos: ph, condutividade, sólidos en suspensión totais, D.B.O.5, D.Q.O, fósforo total, nitróxeno amonacal, sulfuro, aceites e graxas, recollida e envío mostra ó laboratorio:	
-A solicitude do Concello:	
Con resultado positivo (dentro dos límites).....	0
Con resultado negativo.....	336,33 €
-A solicitude do suxeito pasivo.....	336,33 €
Taxa por inspeccións periódicas e informes	
-A solicitude do Concello.....	
-A solicitude do suxeito pasivo.....	208,99 €
Prezo de acometidas de saneamento (a percibir polo concesionario):	
Zanxa en terra	391,00 €
Zanxa en asfalto	456,18 €
Zanxa en acera	508,31 €

ARTIGO 6º.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente taxa, que non veña establecida en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

ARTIGO 7º.—DEVENGO.

- 1.— Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendéndose iniciada a mesma:
 - a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.
 - b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiro municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que teña obtido ou non a licenza de

acometida e sen perxuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2. — Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras, e residuais, teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas en que exista sumidoiro, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

ARTIGO 8º.—NORMAS DE XESTIÓN.

1. — Cando se presente a solicitude de licenza de acometida, a taxa esixirase en réxime de autoliquidación. Non se iniciará a tramitación do expediente ata que o suxeito pasivo non teña efectuado o ingreso correspondente.
2. — Si se realiza a acometida sen mediar solicitude, procederase a liquidar e notificar, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria 58/2003, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.
3. — Unha vez autorizada a acometida, a xestión e recadación desta taxa acomodarse ó procedemento previsto para os valores recibo (padrón.). Nestes casos, as cotas esixibles pola prestación dos servizos ós que se refire o artigo 2.1.b) desta Ordenanza, e que teñen carácter anual, liquidaranse e recadaranse semestralmente, debendo facerse o ingreso nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.
4. — Os suxeitos pasivos, formularán as declaracións de alta e baixa nos padróns da Taxa, surtindo efectos tributarios no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo prorratearse, no seu caso, por meses.

ARTIGO 9º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**16º.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA
POR RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.**

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA.

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), acorda a imposición e ordenación da Taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.

- 1º.— Constitúe o feito imponible desta taxa, a prestación do servizo de recollida do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou de establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, e inmoables desocupados.
- 2º.— A tal efecto, constituirán residuos sólidos urbanos, os refugallos e detritos producidos como consecuencia das seguintes actividades e situacións :os residuos de orixe doméstica (restos e desperdicios de alimentación ou detritos, e os procedentes da limpeza normal en vivendas); os residuos xerados en comercios, oficinas e servizos; os residuos procedentes da limpeza ordi-